



Guía Docente			
Datos Identificativos			2018/19
Asignatura (*)	ESTANCIAS CLÍNICAS I	Código	651G01035
Titulación	Grao en Fisioterapia		
Descritores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria
Idioma	CastelánGalegoInglés		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia		
Coordinación	Riveiro Temprano, Socorro	Correo electrónico	socorro.riveiro.temprano@udc.es
Profesorado	Aristin Gonzalez, Jose Luis Cagide Quintas, Pablo Manuel Crespo Gil, Paula Escribano Silva, Mercedes Fernández Vago, Raquel Martínez Suárez, Manuel Ramos Gómez, Fernando Raposo Vidal, Isabel Riveiro Temprano, Socorro Robles García, Verónica Rodríguez Manso, María Rodríguez Romero, Beatriz Sanesteban Hermida, Yolanda Seijo Ares, Andrea Senin Camargo, Francisco José Vivas Costa, Jamile	Correo electrónico	luis.aristin@udc.es p.cagide@udc.es paula.crespo@udc.es mercedes.escribano@udc.es r.fvago@udc.es manuel.martinez.suarez@udc.es fernando.ramos@udc.es isabel.raposo.vidal@udc.es socorro.riveiro.temprano@udc.es veronica.robles@udc.es maria.rodriguez.manso@udc.es beatriz.romero@udc.es y.sanesteban@udc.es a.sares@udc.es francisco.senin@udc.es j.vivas@udc.es
Web	www.ffisacademica.udc.gal		
Descrición xeral	Coñecemento da función extra e intra hospitalaria e na atención primaria, realizando a integración do resto do currículo a casos clínicos con aplicación das actuacións e tratamentos fisioterápicos dentro do tratamento xeneral de cada doente. Actuacións dentro da conservación da saúde.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas como enfermas, no medio natural e social.
A2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
A3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
A4	Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos; de forma que, ao termo dos estudos, os estudantes saiban aplicalos tanto a casos clínicos concretos no medio hospitalario e extrahospitalario, como a actuacións na atención primaria e comunitaria.
A5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
A6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.
A7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.



A8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.
A9	Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados.
A10	Elaborar o informe de alta dos coidados de fisioterapia unha vez cubertos os obxectivos propostos.
A11	Proporcionar unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.
A12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
A13	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
A14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
A15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica, fomentando actividades profesionais que dinamicen a investigación en fisioterapia.
A16	Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
A17	Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.
A19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Adquirir a experiencia clínica adecuada para proporcionar habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; susceptibles de ser aplicadas tanto en casos clínicos concretos no medio hospitalario e extrahospitalario, como en actuacións de atención primaria e comunitaria.	A1		C1
	A2		C6
	A3		C7
	A4		
	A19		
Iniciar o Razoamento Clínico, é dicir, o método a través do cal cada estudante será capaz de:  - formular o diagnóstico de Fisioterapia, unha vez identificados os problemas do usuario considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais - planificar e deseñar o programa de intervención clínica - executar a terapéutica atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia, proporcionando unha asistencia integral aos usuarios - avaliar os resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados - elaborar un informe de alta de Fisioterapia unha vez cubertos os obxectivos propostos, proporcionando pautas e recomendacións domiciliarias	A1		C3
	A3		C6
	A4		C7
	A5		
	A6		
	A7		
	A8		
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A15		
	A16		
A17			



Adquirir as habilidades comunicativas, psicosociais e técnicas, así como saber comportarse con rigor e deontoloxía profesional. Incorporar os principios éticos e coñecementos legais da Fisioterapia, para o exercicio práctico profesional.	A13		C1
Potenciar o traballo en equipos interdisciplinares para así poder comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, con usuarios e os seus familiares, compañeiros e demais profesionais dentro do ámbito sociosanitario.	A14		C7
	A19		
Fomentar a importancia da investigación e a procura de información actualizada para o desenvolvemento profesional no ámbito da Fisioterapia.			C3 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Rehabilitación Respiratoria e cardiovascular	<p>Estudo da historia clínica e posterior valoración fisioterápica do paciente respiratorio: análise dos signos e síntomas, patrón ventilatorio, espirometría, probas funcionais, test simples de tolerancia o esforzo, análise gasométrico e/o pulsioximétrico, análise dos rúidos pulmonares (auscultación, percusión), e establecemento do patrón ventilatorio dominante (obstrutivo vs restritivo).</p> <p>Elaboración da historia de Fisioterapia.</p> <p>Aplicación dun protocolo de permeabilización bronquial baseado no uso das ondas de choque, variacións do fluxo aéreo, presión espiratoria positiva e aerosolterapia.</p> <p>Aplicación dun protocolo de cinesiterapia respiratoria no enfermo cirúrxico restritivo.</p> <p>Indicación dos diferentes sistemas de espirometría.</p> <p>Fisioterapia no paciente amputado de orixe vascular, traumático, oncolóxico, e outros procesos cardiovasculares.</p> <p>Preparación do muñón para a protetización.</p> <p>Reeducación da marcha e actividades da vida diaria.</p> <p>Valoración do linfedema. Tipos de linfedema.</p> <p>Drenaxe linfático manual e presoterapia secuencial intermitente.</p> <p>Vendaxe multicapa.</p>
MÓDULO II: Fisioterapia do sistema nervioso central e periférico	<p>Fisioterapia Neurolóxica:</p> <p>Análise do movemento normal. Mecanismo de Control Postural.</p> <p>Elaboración da historia e valoración neurolóxica.</p> <p>Tratamento postural nun enfermo con afectación do SNC</p> <p>Técnicas de fisioterapia en enfermos con afectación do SNC.</p> <p>Síndrome do ombreiro doloroso en enfermos hemipléxicos.</p> <p>Tipos de marcha. Reeducación da marcha.</p> <p>Fisioterapia nas lesións do sistema nervioso periférico:</p> <p>Nervios raquídeos ou espinais: patoloxías de maior prevalencia.</p> <p>Síndromes radiculares compresivos .</p> <p>Síndromes compartimentais do membro superior e inferior.</p> <p>Neuropatías periféricas.</p> <p>Polineuritis desmielizante: Guillain-Barré.</p> <p>Neuropatías axonales: metabólicas, carenciales, vasculares.</p> <p>Síndromes de compresión dos pares craniais.</p>



MÓDULO III: Fisioterapia en Atención primaria e comunitaria	<p>Papel do fisioterapeuta no ámbito da atención primaria e comunitaria.</p> <p>Valoración funcional e psicosocial.</p> <p>Definición dos obxectivos da saúde a nivel individual, grupal e comunitario, de cara á mellora da funcionalidade e da calidade.</p> <p>Planificación e desenvolvemento de actividades grupales e individuais de tipo ambulatorio e comunitario con fins preventivos e/ou terapéuticos.</p>
MÓDULO IV: Fisioterapia da actividade física e deportiva	<p>Papel do fisioterapeuta no ámbito do deporte.</p> <p>Fisioterapia en patoloxía deportiva do membro inferior e superior.</p> <p>Fisioterapia en patoloxía deportiva de raquis e pelvis.</p> <p>Prescripción do exercicio terapéutico adaptado a práctica deportiva.</p>
MÓDULO V: Fisioterapia nas discapacidades asociadas o envellecemento e outras situacións de dependencia	<p>Fisioterapia nos maiores.</p> <p>Valoración integral do adulto maior e identificación dos problemas principais.</p> <p>Abordaxe por sistemas. Pluripatoloxía.</p> <p>Definición de obxectivos a curto prazo a nivel individual e grupal, con fins preventivos e/ou terapéuticos dirixidos a poboación maior.</p> <p>Elaboración e execución do plan de intervención preventivo/terapéutico individual o grupal.</p> <p>Abordaxe do adulto maior nun programa de revitalización.</p> <p>Valoración da discapacidade e dependencia asociada a diferentes situacións clínicas.</p> <p>Aplicación do baremo de valoración da dependencia (BVD) e a escala de valoración específica (EVE).</p>
MÓDULO VI: Exercicio terapéutico e Fisioterapia nas alteracións do aparato locomotor	<p>Fisioterapia en reumatoloxía, traumatoloxía e outras alteracións do aparello locomotor.</p> <p>Identificación das principais probas de valoración da dor, da incapacidade funcional e da exploración física. Aplicación a un caso clínico.</p> <p>Identificación dos principais obxectivos do exercicio terapéutico en enfermos con dor mecánica e/ou con alteracións da estática do sistema músculo-esquelético.</p> <p>Aplicación grupal das diferentes modalidades de exercicio terapéutico.</p>
MÓDULO VII: Fisioterapia Pediátrica	<p>Fisioterapia nos procesos, tanto conxénitos como adquiridos, relacionados cos problemas neurolóxicos, respiratorios, reumatolóxicos, ortopédicos, xenéticos e/ou circulatorios.</p> <p>Fisioterapia no cólico do lactante.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A14 A17 A19 C1 C3 C6 C7 C8	8	0	8
Prácticas clínicas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A19 C1 C3 C6 C7 C8	222	58	280



Proba clínica	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A14 A16 A19 C1	10	0	10
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Ao comezo da materia realizaranse uns seminarios presenciais en grupo-clase para introducir ao estudante no ámbito clínico; onde ademais exporanse por parte dos coordinadores da materia os contidos xerais, comúns a todas as unidades docente-asistenciais.
Prácticas clínicas	Correspóndese coa clase clínica: o profesor transmite os seus coñecementos e as destrezas clínicas ao estudante en experiencias reais, co obxectivo de garantir que os discentes adquiren a necesaria competencia clínica, que se inicia en terceiro curso e complementase no cuarto curso.  Dentro das prácticas clínicas, cada estudante terá que elaborar un portafolio relacionado coa súa aprendizaxe clínica, que engloba todo o material que o alumno acumula froito das tutorías, sesións clínicas, seminarios formativos, lecturas, procuras bibliográficas e historias clínicas.
Proba clínica	Proba que se realiza á cabeceira do paciente/usuario, isto é nun escenario clínico real, co fin de avaliar as competencias adquiridas durante o desempeño clínico.  A avaliación realizarase atendendo aos seguintes criterios: - Capacidade para valorar ao usuario/a, establecer o diagnóstico de Fisioterapia, perfilar os obxectivos e deseñar o plan de intervención. - Capacidade de razoamento clínico, grao de interrelación teórico-práctica e de resolución de novos problemas. - Destrezas e habilidades adquiridas durante o desempeño clínico. - Actitude ante o caso/situación ou problema exposto.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba clínica Seminario Prácticas clínicas	O obxectivo primordial será orientación, apoio e motivación para facilitar o proceso de aprendizaxe.  Farase de forma presencial (directamente na clínica e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) e/ou de forma non presencial (a través de correo electrónico ou do campus virtual).  Durante as sesións clínicas recoméndase a formulación de cuestións por parte dos alumnos/as (a participación é un elemento a ter en conta durante a avaliación continuada).  Abriranse diversos foros en moodle para tratar as dúbidas e outras cuestións, para que todos os estudantes poidan beneficiarse das achegas dos seus compañeiros.  Por tanto, a atención personalizada está orientada a axudar ao alumno na clarificación de conceptos interrelacionados, resolución de dúbidas e adquirir unha visión integrada deste corpo de coñecementos.  Ademais, ten o obxectivo de orientar ao estudante na procura e interpretación das fontes bibliográficas.

<b>Avaliación</b>
-------------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba clínica	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A14 A16 A19 C1	<p>Proba que se realiza á cabeceira do doente, na que o alumno reproduce de forma práctica a actuación clínica necesaria para realizar un diagnóstico ou tratamento específico en relación ao proceso funcional que presente o doente.</p> <p>Valorarase a integración dos coñecementos e o proceso de organización dos mesmos, a relación teoría-práctica, a resolución de novos problemas, as destrezas e actitudes.</p>	50
Prácticas clínicas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A19 C1 C3 C6 C7 C8	<p>Valorarase o coñecemento dos métodos, procedementos e actuacións fisioterápicas, así mesmo os coñecementos aplicados á práctica clínica: habilidades intelectuais, aptitudes, destrezas e habilidades técnicas e manuais.</p> <p>Portafolio/Caderno de prácticas clínicas: engloba o diverso material que o alumno elabora froito das tutorías, sesións clínicas, seminarios formativos, lecturas, procuras bibliográficas e historias clínicas dos pacientes.</p> <p>No entanto, dentro da avaliación continuada da materia, valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada, traballo en equipo, resolución de casos e axuda aos compañeiros durante as prácticas.</p>	50

#### Observacións avaliación

A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para asegurar a completa adquisición das competencias da materia. As ausencias puntuais e xustificadas terán que recuperarse nos termos indicados polo responsable da unidade e/ou coordinación da materia. As ausencias non xustificadas non son recuperables.

#### CUALIFICACIÓN DÁ MATERIA:

A cualificación da materia será a media obtida da suma das cualificacións de cada unha das unidades docente-asistenciais. Para superar a materia, a NOTA obtida deberá ser igual ou superior ao 50% da puntuación posible.

Se presenta máis de 2 unidades docente-asistenciais con cualificacións inferiores ao 50% da puntuación posible, non se calculará a media, e a cualificación final será de suspenso.

A cualificación de cada unidade docente-asistencial virá determinada da seguinte maneira:

- 50% Avaliación continuada: a cualificación da avaliación continuada gardarase exclusivamente ata a convocatoria de 2ª oportunidade (xullo).
- 50% Proba clínica. Se a cualificación obtida na proba clínica é inferior o 50% da puntuación posible, non se calculará a media coa avaliación continuada e a cualificación final da unidade docente-asistencial será de suspenso.

As porcentaxes asignadas a cada metodoloxía poden sufrir pequenas modificacións dun curso a outro en función das necesidades da materia; non obstante, o valor da proba clínica nunca será inferior ao 50% da nota final e o valor da avaliación continuada nunca será superior ao 50%.

#### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Antonello M. (2002). Fisioterapia respiratoria. Del diagnóstico al proyecto terapéutico. Madrid: ED Medica panamericana</li> <li>- Giménez M., Vergara P. (2001). Prevención y Rehabilitación en Patología Respiratoria Crónica. Fisioterapia , entrenamiento y cuidados respiratorios. . Madrid: Ed.Medica Panamericana</li> <li>- Jull et al. (2009). Latigazo cervical, cefalea y dolor en el cuello. . Amsterdam:Ed. Elsevier</li> <li>- Greenman P. (2005). Principios y Práctica de la Medicina Manual. Buenos Aires: 3ª Ed Medica Panamericana</li> <li>- Stokes, M (2006). Fisioterapia en la rehabilitación neurológica. Madrid 2ª Ed Elsevier</li> <li>- Harvey, (2010). Tratamiento de la lesión medular. Guía para fisioterapeutas. . Barcelona: Elsevier</li> <li>- Paeth, B (2006). Experiencias con el concepto Bobath. Fundamentos, tratamientos y casos. . 2ª Ed Madrid: Panamericana</li> <li>- Martínez A (coord.). (2008). Fisioterapia en atención primaria. Madrid: Síntesis</li> <li>- Martín Zurro A, Cano Pérez JF. (). Atención Primaria. Conceptos, organización y práctica clínica.. Madrid: Ediciones Doyma</li> <li>- Costa M, López E. (1998). Educación para la Salud. Una estrategia para cambiar los estilos de vida.. Madrid: Pirámide</li> <li>- Bahr, R., Maehlum, S (2007). Lesiones deportivas.Diagnóstico, tratamiento y rehabilitación.. Madrid: Panamerican</li> <li>- Stanitski, Carl. L. (2004). Lesiones deportivas en la edad escolar.. The orthopedic clinics of north América (Edición española). Madrid: Panamericana</li> <li>- Kolt, Gregory S., Snyder-Mackler L (2004). Fisioterapia del deporte y ejercicio físico. . Madrid: Elsevier</li> <li>- David, Carol. LLoyd BA, Jill. (2000). Rehabilitación Reumatológica. Madrid ? España: Harcourt., S.A</li> <li>- Alegre Alonso C. (2001). Fisioterapia en Reumatología. Madrid: Ed. Asetip SL</li> <li>- Juan Carlos Duró Pujol (2010). Reumatología clínica. Barcelona: Ed Elsevier</li> <li>- Meliá Oliva, José Francisco y Valls Barberá, Manuel A. (1998). Fisioterapia en las lesiones del sistema nervioso periférico. . Ed Sintesis</li> <li>- Snell (2006). Neuroanatomía clínica. 6ª Ed., Madrid: Lippincott William &amp; Wilkins-Panamerican S.A.</li> <li>- Barral, Jean-Pierre (2009). Manipulaciones de los nervios periféricos. Elsevier: Masson</li> <li>- Jesús Seco Calvo (2016). Específicos de Intervención en Fisioterapia. Madrid: Panamericana</li> <li>- Jesús Seco Calvo (2016). Fisioterapia en Especialidades Clínicas. . Madrid: Panamericana</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

ANATOMÍA I E HISTOLOXÍA/651G01001

ANATOMÍA II/651G01002

CINESITERAPIA XERAL/651G01005

VALORACIÓN FUNCIONAL E PSICOSOCIAL/651G01007

FISIOTERAPIA XERAL/651G01008

BIOMECÁNICA/651G01009

PATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA I/651G01011

CINESITERAPIA: BASES DO EXERCICIO TERAPÉUTICO/651G01013

FISIOTERAPIA MANUAL E OSTEOPÁTICA I/651G01014

FISIOTERAPIA NAS ALTERACIÓNS ESTÁTICAS E DINÁMICAS DO RAQUIS/651G01015

FISIOTERAPIA NEUROLÓXICA E PSICOMOTRIZ/651G01016

FISIOTERAPIA RESPIRATORIA/651G01017

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente



PATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA II/651G01018

FISIOTERAPIA MANUAL E OSTEOPÁTICA II/651G01019

REHABILITACIÓN CARDIO-RESPIRATORIA E VASCULAR/651G01020

FISIOTERAPIA NAS DISCAPACIDADES NEUROLÓXICAS E DA VEXEZ/651G01021

FISIOTERAPIA NAS DISFUNCIÓNS DO APARELLO LOCOMOTOR/651G01024

#### Materias que continúan o temario

ESTANCIAS CLÍNICAS II/651G01036

#### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías